

HENRIK PONTOPPIDAN

# Oso

Un retrato

Traducido por Marta Dahlgren e Alejandro Tobar



Hugin e Munin

## CAPÍTULO I

Imaxina, prezado lector, unha enorme e rubicunda faciana da que colga unha barba nívea e enmarañada. Entre os pelos grosos, espontan vellos restos dun caldo de verzas, migallas de pan ou apardazados pos de rapé, elementos que conforman un cadro non precisamente apetecible. Engádelle agora unha calva áspera e lustrosa, cercada por unha caluga cana, con rizos que penden por riba do colo da casaca; unhas orellas pequenas, carnosas e peludas; unhas cellas espesas, algodonosas, e mais un nariz contundente e lixeiramente azulado no medio e medio duns ollos enormes, dunha cor semellante á auga do mar, que cravan a mirada no interlocutor. Súmalle a continua xesticulación, mesmo algúntics involuntarios: sorrisos frecuentes, liviáns pestaneos ou cellas mestas que se arquean ou engurran de súpeto e sen motivo aparente, amais de braceos e levantamentos de ombros, e obterás unha imaxe fidedigna do suxeito que aterrorizaba os habitantes do distrito de Uggelejre, entenderás o medo dos pastores, a indignación dos mestres e o desespero do bispo. Falamos de Thorkild Asger Ejnar Fredrik Müller, o párroco en exercicio nas freguesías de Søbý e de Sorvad.

Para máis, cómpre salientar que o pastor Müller medía exactamente tres *alen*<sup>1</sup>, que perdera un dedo da man esquerda e que, tanto no verán coma no inverno, se presentaba diante da xente coa mesma marabillosa roupa, consistente nun abrigo con carapucha de pel de can comesto pola couza e uns pantalóns a cadros grises que desaparecían dentro dunhas enormes botas impermeables de amargo fedor. Así mesmo, vestía sempre cunha chaqueta de cazador luída polo uso, a chamada «casaca da catarreira», que, por ser tan corpulento, case non daba pechado. Nin sequera no máis cru da invernia había maneira de convencelo para que mudase a indumentaria. Cando ía un frío de defuntos, protexía a gorxa co pano de algodón a cadros azuis, pero á parte diso pouco máis facía que botar man dunhas febras extra de tabaco de mascar; gardábaas na saca vermella da que endexamais se despegaba e á que lle chamaba o seu «quentador».

Se no camiño se topaba cun engruñado campesiño envurullado en pezas de la, con moqueira e ollos lacrimosos que avanzaba pola marxe contraria, entón o pastor detíñase e, co sorriso máis gaioleiro e unha man pousada no cadril, berráballe: «A ver, ho! Vixía que o abrigo non se che apegue á pelella, non vaia ser que morras enganido!», e proseguía a marcha cunha gargallada enxordecidora que estremecía o aire derredor e sobresaltaba os dous grandes e descarnados cans de pelame amarelo que o seguían decontino, cos fociños ergueitos, a ouvearen de puro e fero relouco.

---

<sup>1</sup>O *alen* é unha vella unidade de media escandinava que na zona de influencia dinamarquesa equivalía a case 63 cm, de modo que o home mediría algo menos de 1,90 m.

